

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva no ano 2019 que acredite para o acceso a postos de dirección en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de educación.

Para o obxecto de convocar o curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva no ano 2019, resolvo anunciar:

Primeiro. Que no portal web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (www.edu.xunta.gal), estará dispoñible a Resolución do 23 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva no ano 2019 que acredite para o acceso a postos de dirección en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de educación.

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Que a presentación e xestión de solicitudes de participación realizarase a través da plataforma de formación do profesorado FProfe: <https://www.edu.xunta.es/fprofe>.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional
e Innovación Educativa

